

XEOGRAFÍA

VALORACIÓN: **A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos**; a resposta debe ser breve e precisa. **A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos**; valorarase a correcta localización e relación dos elementos xeográficos solicitados. **A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos**; valorarase a organización expositiva, o desenvolvemento e a explicación dos contidos. **A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos**; requírese a correcta comprensión e interpretación do documento. **Valorarase en todas as preguntas o uso de vocabulario xeográfico.**

OPCIÓN A

- 1.- Defina brevemente: CUNCA FLUVIAL, HIDROSFERA, OROXENIA, EXPLOTACIÓN INTENSIVA e RECICLAXE.
- 2.- Na figura A-1: a) cite o nome das provincias sinaladas no mapa coas letras A e B, que teñen unha porcentaxe de poboación ocupada no sector agrario inferior ao 1%, e as provincias sinaladas coas letras C e D, que teñen unha porcentaxe de poboación ocupada no sector agrario superior ao 8%; e b) explique as causas destas diferenzas.
- 3.- Desenvolva a pregunta: **O movemento natural da poboación en España dende o inicio do século XX ata a actualidade**. Orientacións para o desenvolvemento: a) evolución da natalidade (etapas e causas), b) evolución da mortalidade (etapas e causas) e c) trazos do réxime demográfico actual.
- 4.- Analice e comente a figura A-2. Orientacións para o comentario: a) réximes de precipitacións e de temperaturas, e tipo climático ao que corresponde, b) factores explicativos e c) influencia deste clima no medio.

OPCIÓN B

- 1.- Defina brevemente: BARLOVENTO, BORRASCA, EDAFOXÉNESE, CENSO DE POBOACIÓN e ECONOMÍA SOMERXIDA.
- 2.- Na figura B-1: a) cite o nome das comunidades autónomas con información estatística no mapa e b) explique as causas das diferenzas entre elas relativas á ocupación na industria.
- 3.- Desenvolva a pregunta: **As grandes rexións litolóxicas**. Orientacións para o desenvolvemento: a) citalas, b) tipo de materiais característicos e c) formas de relevo típicas.
- 4.- Analice e comente a táboa B-2. Orientacións para o comentario: a) relación entre a evolución do turismo internacional e o desenvolvemento turístico de España, b) causas do descenso do turismo internacional en 2009 e c) factores que explican o destino do turismo internacional por comunidades autónomas.


XEOGRAFÍA

FIGURA A-1

POBOACIÓN OCUPADA NO SECTOR AGRARIO (%)



FIGURA A-2




Fuente: AEMET

XEOGRAFÍA

FIGURA B-1

POBOACIÓN OCUPADA NO SECTOR INDUSTRIAL (%) (2008)



TÁBOA B-2

<i>Evolución do turismo internacional en España</i>		<i>Destinos principais do turismo internacional (2009)</i>	
Anos	Turistas internacionais (miles)	Comunidade Autónoma	Turistas (%)
1950	0,8	Andalucía	14,1
1970	13,2	Illes Balears	17,3
1990	34,1	Canarias	15,7
2000	46,2	Cataluña	24,4
2006	58,0	C. Valenciana	9,8
2009	52,2	C. de Madrid	9,4
		Resto CCAA	9,3
		TOTAL	100

Fte.: ITE. FRONTUR.

XEOGRAFÍA

VALORACIÓN: **A primeira pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos**; a resposta ten que ser breve e precisa. **A segunda pregunta ten unha puntuación máxima de 2 puntos**; valorarase a correcta localización e relación dos elementos xeográficos solicitados. **A terceira pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos**; valorarase a organización expositiva, o desenvolvemento e a explicación dos contidos. **A cuarta pregunta ten unha puntuación máxima de 3 puntos**; requírese a correcta comprensión e interpretación do documento. **En todas as preguntas hase valorar o uso de vocabulario xeográfico.**

OPCIÓN A

- 1.-** Defina brevemente: ACUICULTURA, PRODUTO INTERIOR BRUTO, ARIDEZ, ATMOSFERA e MAQUIS.
- 2.-** Na Figura A-1: a) cite as comunidades autónomas con información de ocupación hoteleira e b) explique as razóns das diferenzas de ocupación entre esas comunidades.
- 3.-** Desenvolva a pregunta: **O sistema urbano español.** Orientacións para o desenvolvemento: a) a xerarquía urbana, b) distribución territorial e c) poñer un exemplo de concentración dos núcleos urbanos e explicar as causas.
- 4.-** Analice e comente a Figura A-2. Orientacións para o comentario: a) as grandes rexións litolóxicas: descrición e localización, b) rochas predominantes en cada unha das devanditas rexións e c) formas de relevo características de cada rexión litolóxica.

OPCIÓN B

- 1.-** Defina brevemente: ESTRATO SEDIMENTARIO, GLACIAR, ESPERANZA DE VIDA, ECONOMÍA SOMERXIDA e MINIFUNDIO.
- 2.-** Na Figura B-1: a) cite catro provincias nas que a proporción de estranxeiros supere o 11% e b) explique as causas deste feito.
- 3.-** Desenvolva a pregunta: **Os climas de España.** Orientacións para o desenvolvemento: a) factores que explican a diversidade dos climas de España, b) principais dominios climáticos e c) citar unha localidade como exemplo de cada un dos dominios climáticos españois.
- 4.-** Analice e comente a Figura B-2. Orientacións para o comentario: a) importancia do sector servizos en España, b) distribución territorial do emprego e c) factores da devandita distribución.

SETEMBRO 2011

XEOGRAFÍA

FIGURA A-1

GRAO DE OCUPACIÓN HOTELEIRA 2009





FIGURA A-2




Fte.: Peña Monné. El Relieve. Geografía de España, Ed. Síntesis.

XEOGRAFÍA

FIGURA B-1

Proporción de extranjeros sobre la población total de las provincias, 2006




FUENTE: INE, *Padrón municipal de habitantes*, en 1-1-2006.

Fte: tomado de Gozávez, V. (2006)

FIGURA B-2

Emprego en servizos



Fte.: Geografía, Banco de imágenes, SM.

CONVOCATORIA DE XUÑO

OPCIÓN A

1. Defina (puntuación máxima de 2 puntos, 0,4 por concepto):

CUNCA FLUVIAL: conxunto de terras e de acuíferos que aportan as súas augas ao curso dun mesmo río principal e aos seus afluentes.

HIDROSFERA: Fórmana o conxunto de augas que hai na Terra e constitúe as 3/4 partes da súa superficie. Abrangue augas doces e salgadas, superficiais e subterráneas e sólidas ou líquidas.

OROXENIA: É o proceso de formación de montañas. As dúas oroxenias máis destacadas da historia xeolóxica da terra foron a oroxenia herciniana na era primaria e a oroxenia alpina na era terciaria.

EXPLOTACIÓN INTENSIVA: Forma de explotación localizada sobre unha superficie reducida que produce altos rendementos grazas aos elevados investimentos que recibe en traballo ou no emprego de técnicas avanzadas.

RECICLAXE: Tratamento total ou parcial dun produto ou material xa utilizado para obter unha nova materia prima ou produto para ser utilizado de novo.

2. Figura A-1 (puntuación máxima de 2 puntos)

a) A- Madrid B- Barcelona C- Teruel D- Cáceres

b) O primeiro grupo de provincias coa porcentaxe menor de 1% de poboación dedicada ao sector agrario tería como causas desta situación:

- ☐ Porcentaxe maior de poboación activa nos sectores secundario e terciario.
- ☐ Importante desenvolvemento económico (altos índices de industrialización)
- ☐ Provincias altamente urbanizadas e alta densidade de poboación.
- ☐ Presencia de explotacións agrarias intensivas, de mercado

O segundo grupo de provincias coa porcentaxe maior de 8 % teñen:

- ☐ Fóra dos principais eixes de comunicación que dificulta ás actividades do sector secundario e terciario
- ☐ Provincias con baixas taxas de urbanización e baixa densidade de poboación agravado pola emigración.
- ☐ Éxodo rural
- ☐ Predominio das explotacións agrarias extensivas

3. Desenvolva a pregunta. O movemento natural da poboación en España dende o inicio do século XX ata a actualidade. (Puntuación máxima de 3 puntos)

a. Evolución da natalidade (etapas e causas)

Transición demográfica 1900-1975

A natalidade descende de forma suave e descontinua relacionada cos acontecementos históricos:

- ☐ **Década de 1920** recuperación do descenso grazas á recuperación económica.
- ☐ **Entre 1930 e década dos 50 continuou** o descenso (crise económica de 1929, inestabilidade política da 2ª República, Guerra Civil que ocasionou subnatalidade, a posguerra e co exilio de milleiro de persoas).
- ☐ **Finais da década dos 50 y primeira metade dos 60**, recuperación e *baby boom* (desenvolvemento económico, fin da autarquía, política pronatalistas)
- ☐ **1965-75** diminución do tamaño da familia polo modo de vida industrial e urbano (problemas da vivenda e valor económico dos fillos)

A partir de 1975 a natalidade descendeu:

- ☐ **1975-1998 brusco descenso**: cambios económicos (crise económica atrasou a idade do matrimonio, precariedade laboral, prolongación da formación e o ensino obrigatorio), cambios socioculturais (diminución da influencia relixiosa, difusión dos anticonceptivos, legalización do aborto, incorporación das mulleres ao mundo do traballo, problemas para conciliar a situación laboral e familiar, os fillos como gasto, aparición de familias menos prolíficas).
- ☐ Desde 1998 a emigración eleva á natalidade de forma transitoria, chegada a idade fértil das mulleres nadas no *baby boom*.

Criterios de Avaliación / Corrección

b. Evolución da mortalidade (etapas e causas).

Transición demográfica 1900-1975

A mortalidade descende de forma acusada e continua agás a mortalidade catastrófica da gripe de 1918 e a Guerra Civil. As causas foron:

- o Incremento do nivel de vida
- o Avances hixiénicos e médicos
- o Mellora do nivel educativo que axudou a previr
- o Descenso da mortalidade infantil causada polas infeccións e desnutrición.
- o Aumento da esperanza de vida.

A partir de 1975 a mortalidade xeral mantense en cifras baixas aínda que ascende lixeiramente desde 1982 . Causas:

- o debido ao envellecemento
- o aumentan as tres C (cardiovasculares, cancro e accidentes de circulación),
- o aumentan as enfermidades sociais relacionadas co tabaquismo, alcoholismo e drogadición.

c. Trazos do réxime demográfico actual

No novo réxime demográfico as taxas de natalidade e mortalidade permanecen moi baixas polo que o crecemento natural é practicamente nulo. Os avances na medicina seguen aumentando a esperanza de vida, isto xera un envellecemento da poboación que supón problemas de índole social e económica. A chegada da poboación nova inmigrante está axudando a recuperar lixeiramente a natalidade nos últimos anos, ao que tamén trata de contribuír o Estado mediante a aplicación de certa medidas para incrementar o número de nacementos.

4. Analice e comente a figura A-2 Climograma (puntuación máxima de 3 puntos).

a) Réximes de precipitacións e temperaturas e tipo climático ao que corresponde:

Total de precipitacións é de 1.246 mm polo tanto sitúase na España húmida, a distribución é bastante regular ao longo do ano, aínda que atopamos os máximos no outono e no inverno cun mínimo relativo en verán, non se observa ningún mes con aridez.

Temperatura media suave 14, 1º . Temperatura mínima anual en Xaneiro de 10º define un inverno suave e a máxima situada no mes de Agosto que non supera os 20º propio dun verán fresco, a oscilación térmica é de 10º moi baixa, corresponde a un clima de influencia marítima.

Conclúese que se trata dun clima oceánico ou atlántico.

b) Factores explicativos:

- a. Fronte polar: orixina as regulares precipitacións
- b. Anticiclón das Azores: favorece o mínimo relativo de precipitacións estivais
- c. Masas de aire: Polar marítima, ventos dominantes do oeste e noroeste
- d. Características de la Península Ibérica: disposición periférica do relevo que obrigan ao aire a elevarse e producen chuvias na vertente de barlovento, a situación na costa é practicamente a nivel do mar explican as suaves temperaturas.

c) Influencia deste clima no medio.

Vexetación. Desenvolve o bosque temperado caducifolio de faias e carballos como especies autóctonas, sotobosque é a landa (matogueira de toxo, xesta e uz) e as praderías. Aparecen bosques mixtos de carballos, faias e coníferas. Moitos deles son alterados para implantar cultivos, pastos ou especies forestais alóctonas de rápido crecemento para a súa explotación comercial.

Solos evolucionados, ricos en materia orgánica e ácidos, xa que as chuvias arrastran as bases.

Ríos caudalosos e de réxime regular, sen a penas estiaxes. Salvan fortes desniveis polo que teñen unha forte capacidade erosiva, escavan vales estreitos e profundos.

OPCIÓN B

1. Defina (puntuación máxima de 2 puntos, 0,4 por concepto):

Criterios de Avaliación / Corrección

BARLOVENTO: aba dun relevo montañoso que pola súa orientación respecto ao vento dominante, queda exposto ao fluxo ascendente do aire. A aba de sotavento, polo contrario queda exposta ao fluxo descendente.

BORRASCA: Zona de baixas presións menos de 1016 mb rodeada doutras presións máis altas. Os ventos circulan ao seu redor en sentido contrario ás agullas do reloxo. Produce un tempo inestable frecuentemente chuvioso.

EDAFOXÉNESE: Proceso de formación dun solo, cuxa velocidade depende de factores como o clima, a litoloxía, a xeomorfoloxía, a vexetación e o tempo transcorrido. A actividade humana tamén pode afectar ao proceso.

CENSO DE POBOACIÓN. É un documento no que se reconta a poboación dun país nun momento determinado, apórtanos información sobre o volume de poboación dun lugar, a súa composición por sexo e por idades, estado civil, tamaño da familia, nivel de estudos, renda, etc.

ECONOMÍA SOMERXIDA: Conxunto de actividades económicas que se desenvolven clandestinamente e escapan ao control fiscal e as leis e normativas laborais.

2. Figura B-1 (puntuación máxima de 2 puntos)

- a) Castilla y León, Madrid, Comunidad Valenciana y Cataluña.
- b) As porcentaxes de poboación activa por sectores explícanse por:
 - o Terciarización da economía: Madrid é un gran centro terciario no que a industria substitúese por empresas de servizos.
 - o Diminución da actividade industrial pola globalización da economía: En Castela e León a principal industria concentrouse só nuns enclaves (industrialización inducida na década dos 60 e que foron incapaces de difundir a industria cara áreas próximas) que actualmente están sufrindo procesos de desindustrialización.
 - o Localización preferente desde as primeiras fases da industrialización. Cataluña
 - o Influencia na terciarización pola implantación da administración autonómica. Castela e León.
 - o Localización favorable por economías de escala (eje mediterráneo): Valencia e Cataluña.
 - o Cidades de antiga tradición artesanal e industria rural dispersa transformadora de produtos da bisbarra. Valencia

3. Desenvolva a pregunta. As grandes rexións litolóxicas. (Puntuación máxima de 3 puntos)

España arxilosa. Depresións do Ebro e do Guadalquivir, sector oriental da submeseta norte, A Mancha e parte das chairas litorais costeiras mediterráneas.

Rochas sedimentarias das eras terciaria e cuaternaria. Rocha predominante é a arxila, caracterizada pola súa escasa resistencia; tamén poden aparecer margas ou xesos.

Da lugar a un relevo horizontal. A súa rápida erosión xera dous tipos de relevo:

- o os ríos abren vales que separan estruturas horizontais orixinando chairas suavemente onduladas: **as campiñas**
- o Nas zonas do SE peninsular e zona central do val do Ebro fórmanse **cárcavas** que cando teñen un amplo desenvolvemento dan lugar **aos badlands**.

España calcaria. Forma unha Z invertida (ou unha S) entre os Pireneos, Montes Vascos, Sistema Ibérico e Cordilleiras Béticas, ramificándose cara á Cordilleira Cantábrica e o arquipélago Balear.

Son sedimentos principalmente do Mesozoico levantados durante a oroxenia alpina. A rocha predominante é a calcaria aínda que tamén están presentes margas e areíscas.

Todas elas son solubles en auga polo que a súa presenza dá lugar a formas de relevo coñecidas como cársticas.

Criterios de Avaliación / Corrección

Forma de relevo características son as gargantas ou as fouces, vales estreitos e fondos, as dolinas, poljes, forcas, covas ou simas.

España silíceas. Oeste peninsular (Galicia, Asturias, Sistema Central, Montes de Toledo, Sierra Morena), parte dos Pireneos, da Costeira Catalá, do Sistema Ibérico e das Béticas.

Os materiais son predominantemente restos dos zócalos paleozoicos: granito, gneis, as lousas e as cuarcitas.

Na formas de relevo o granito cando se altera quimicamente e en profundidade coa auga, transfórmase en áreas pardoamarelas. Cando o granito se altera a partir de diaclasas ou fracturas, produce cristas (agullas) e pedregais, se as diaclasas son paralelas dan lugar a domos e se son perpendiculares dan lugar a bolas que amontonadas forman berrocais e caos graníticos.

España volcánica. Arquipélago canario e algunhas áreas da Península (Olot, Gata, Campo de Calatrava).

Os conos volcánicos, as caldeiras, malpaíses, roques e chemineas volcánicas son formas de relevo características.

4. Comentario Táboa B-2 (puntuación máxima de 3 puntos), *Evolución e destinos do turismo internacional*.

a) Relación entre a evolución do turismo internacional e o desenvolvemento turístico de España.

España comeza o seu desenvolvemento turístico **na década dos sesenta** e convértese nun dos 3 principais destinos do turismo internacional. Ese crecemento inicial debeuse a unha serie de cambios nos países do resto de Europa (sobre todo **da Europa Occidental**) que son os principais centros emisores do turismo que chega a España: **aumento das rendas familiares, mellores prestacións sociais** (vacacións, pensións de xubilación), a posibilidade de utilización de varios sistemas de transporte e a súa mellora paulatina. Xurdimento de grandes compañías internacionais (**touroperadores**).

E en canto ao destino, España presentaba unha serie de **vantaxes: proximidade, menor nivel de vida que os países emisores e, polo tanto, prezos baixos, situación no Mediterráneo (condicións climáticas favorables), riqueza patrimonial, seguridade, mellora das infraestruturas do transporte** e desenvolvemento da demanda interna para aumentar a oferta. No caso **do arquipélago canario**, a súa situación permite ter unha tempada turística **durante todo o ano**. O principal atractivo é o litoral (modelo sol e praia) pero vai aumentado a importancia doutras formas de turismo: **cultural, urbano, de aventura ou de natureza**, e en paralelo desenvólvese un produto turístico acorde coa evolución e as esixencias da demanda.

b) Causas do descenso do turismo internacional no 2009.

No ano 2009 a tendencia de crecemento continuado do turismo internacional que chega a España rompe debido á **crise económica mundial** que afecta de modo moi particular aos países da Unión Europea, os principais emisores. A crise de confianza a raíz dos **atacados islámicos** en España.

c) Factores que explica o destino do turismo internacional por comunidades autónomas.

O litoral mediterráneo e os dous arquipélagos son o principal destino do turismo internacional, que **busca sol e mar**; as condicións climáticas son moi importantes, ata o punto de dirixir parte do turismo de poboación xubilada cara ao litoral do Mediterráneo durante a tempada de inverno. **A atracción de Madrid débese ao patrimonio cultural, do mesmo xeito que a da cidade de Barcelona**, o turismo non é só europeo senón de Estados Unidos e Xapón.

CONVOCATORIA DE SETEMBRO

OPCIÓN A

1. Defina brevemente (2 puntos: 0,4 puntos por cada definición correcta):

ACUICULTURA: técnica de cultivo de especies acuáticas, vexetais e animais, en ambientes físicos controlados, co obxectivo de manter as condicións que estas especies atopan no seu medio natural.

PRODUTO INTERIOR BRUTO: corresponde á produción total de bens e servizos xerados nun país ao longo dun ano. Adoita utilizarse como indicador da potencia económica dos Estados.

ARIDEZ: termo que indica sequidade, falta de humidade. O índice de aridez establece a relación entre as chuvias e o poder desecante da evaporación, representada polas temperaturas.

Criterios de Avaliación / Corrección

ATMOSFERA: capa gasosa que envolve o noso planeta e que está composta por unha mestura de gases, dos que, pola súa influencia no clima, destacamos o vapor de auga e o dióxido de carbono.

MAQUIS: matogueira arbustiva mediterránea que pode acadar os 2 m. de altura, composto, entre outras especies, por xaras e lentiscos.

2. Figura A-1 (puntuación máxima de 2 puntos)

a) Galicia, Castela – A Mancha, Cataluña e Comunidade Valenciana.

b) Explique as razóns das diferenzas de ocupación:

- Clima máis benigno nas comunidades mediterráneas que nas áreas do interior e Noroeste, o que facilita unha maior amplitude nesas áreas da tempada turística.
- Meirande diversidade turística nas comunidades mediterráneas (sol e praia, negocios e congresos, turismo cultural e de cruceiros) que nas áreas interiores e do Noroeste.
- Maior presenza nos circuitos internacionais de turismo das comunidades mediterráneas que nas outras do interior e Noroeste.
- Maior inserción das comunidades mediterráneas nas redes urbanas e de comunicación no ámbito europeo.
- Maior tradición turística nas comunidades mediterráneas que nas do interior e Noroeste .

3. Desenvolva a pregunta: O sistema urbano español (puntuación máxima de 3 puntos)

a) *A xerarquía urbana.*

A xerarquía urbana é a organización das cidades segundo a súa área de influencia e o seu tamaño demográfico, as súas funcións e servizos, dentro do sistema de cidades dun territorio. O sistema urbano español vértase sobre dezaseis aglomeracións urbanas que superan os 500.000 habitantes. **Madrid e Barcelona** contan con **máis de 3.000.000 de habitantes**. Madrid ocupa o primeiro con 5.500.000 de habitantes e Barcelona os 3.000.000. As dúas configuran un **sistema bipolar**. Cinco aglomeracións superan os 800.000 habitantes (Valencia, Sevilla, Bilbao, área central de Asturias e Málaga) e outras nove superan os 500.000 (Zaragoza, Alacant, Vigo-Pontevedra-Vilagarcía, Baía de Cádiz, Murcia, Golfo Ártabro (A Coruña-Ferrol), As Palmas, Granada, Palma de Mallorca). Por debaixo delas vai un elevado número de cidades entre 400.000 e 100.000 habitantes como froito da descentralización urbana. O sistema urbano español é fundamentalmente periférico (predominando no sector Mediterráneo), con dúas macroúrbes no interior da península (Madrid e outra secundaria en Zaragoza). O espazo interior está pouco urbanizado.

b) *Distribución territorial.*

Distinguimos xerarquicamente os seguintes postos: metrópole (global nacional, rexional e subrexional), cidades medianas, e capitais de comarca, todas elas vertebradas nunha rede urbana que configura unha serie de eixes dentro do espazo español e europeo.

- Metrópoles globais nacionais.

É o **primeiro nivel xerárquico**. Están representadas por Madrid e Barcelona, aglomeracións que superan os 3.000.000 de habitantes. Nelas reside o 20% da poboación española. A súa influencia abarca a todo o territorio español e manteñen relacións estreitas co sistema urbano europeo e mundial. Teñen funcións moi diversificadas, servizos moi especializados, numerosas oficinas centrais de empresas nacionais e multinacionais e localízanse as sedes das principais institucións públicas culturais, políticas e económicas do país.

- Metrópoles rexionais e subrexionais.

As **metrópoles rexionais** son un **segundo nivel xerárquico** están representadas na actualidade en España por cinco aglomeracións: Valencia, Sevilla, Bilbao, Málaga e Zaragoza. Cunha poboación comprendida **entre o 1.750.000 e 750.000 habitantes**. Ben comunicadas, con funcións diversificadas e servizos especializados. A súa área de influencia abarca unha extensa rexión e manteñen unha forte ligazón coas metrópoles globais ou nacionais.

As **metrópoles subrexionais** ou **rexionais de segundo orde (terceiro nivel xerárquico)** son pequenas áreas metropolitanas como Vigo, A Coruña, Oviedo, Valladolid, Palma de Mallorca, Alacant... Cunha aglomeración **en**

Criterios de Avaliación / Corrección

torno aos 700.000 e 250.000 habitantes. Igual que as metrópoles rexionais teñen funcións diversificadas e servizos especializados pero a súa área de influencia é menor que unha metrópole rexional.

- Cidades medianas.

Representan o **cuarto nivel xerárquico**. Tamén se lles denomina **centros subrexionais**. Teñen unha poboación **en torno os 200.000 e 50.000 habitantes**. Son centros administrativos (moitas son capitais provinciais e incluso autonómicas), con importantes servizos. Santiago, Santander, Cádiz, Logroño, Cidade Real... son exemplos deste modelo.

- Cabeceiras comarcais.

Representan o **quinto nivel xerárquico**. Son núcleos que teñen **en torno aos 10.000 e 50.000 habitantes**. Posen equipamentos, infraestruturas e servizos básicos a súa área de influencia abarca unha comarca. Monforte, Ponferrada, Miranda do Ebro... son exemplos deste nivel xerárquico.

c) *Poñer un exemplo de concentración dos núcleos urbanos e explicar as causas* (escoller 1 exemplo de concentración urbana):

- **Área metropolitana.**

Chamamos área metropolitana á grande extensión urbana que rodea a unha cidade importante e abarca administrativamente varios municipios, entre os que existen importantes relacións económicas e sociais. As características básicas son:

- **Cidade central** que preside toda a área (dentro dela nace a chamada CBD).
- Relacións económicas e sociais co contorno: **área de influencia**.
- Rede de comunicación é esencial (movementos pendulares diarios).
- Heteroxeneidade social. O número de habitantes supera os 200/250.000.
- Coroas concéntricas arredor do núcleo central: sectorial e radial.

Orixinariamente as áreas metropolitanas constituíronse en Madrid, Barcelona, Bilbao e Valencia. Actualmente teñen maior amplitude e dispersión (cidade difusa). Canto máis ampla a área de influencia falaremos de **metrópole nacional, rexional** ou **subrexional**.

- Outros tipos de aglomeracións: **conurbación, rexión urbana** e **megalópole**.

- **Conurbación:** fusión de dúas cidades de tamaño similar que medran en paralelo ata unirse. Cada cidade mantén a súa independencia administrativa. A maioría prodúcese en áreas turísticas pero pode haber outro tipo de factores.

- **Rexión urbana:** área urbana descontinua, que forma unha nebulosa urbana de cidades dispersas pero cunha forte densidade, de espazos sobre o territorio que teñen características urbanas. Por exemplo a chamada "T" asturiana (Avilés-Gijón-Oviedo), golfo Ártabro coruñés (Ferrol-A Coruña), Vigo-Pontevedra-Vilagarcía.

- **Megalópole:** Estamos ante unha escala suprarrexional constituída por diversos elementos urbanos (área metropolitana, conurbacións, rexións urbanas, pequenas cidades) que forman practicamente un continuo urbano en centenas de quilómetros como por exemplo o eixe Mediterráneo.

4. Analice e comente a figura (puntuación máxima de 3 puntos).

- a) Grandes rexións litolóxicas: descrición e localización.
- b) Rochas predominantes en cada unha das devanditas rexións.
- c) Formas de relevo características de cada rexión litolóxica.

España arxilosa. Depresións do Ebro e do Guadalquivir, sector oriental da submeseta norte, A Mancha e parte das chairas litorais costeiras mediterráneas. Resultado da erosión das zonas montañosas e posterior depósito dos devanditos materiais. As cárcavas son formas de relevo características.

España calcaria. Forma unha Z invertida (ou unha S) entre os Pireneos, Montes Vascos, Sistema Ibérico e Cordilleiras Béticas, ramificándose cara á Cordilleira Cantábrica e o arquipélago Balear. Son sedimentos principalmente do Mesozoico pregados na oroxenia alpina. Formas de relevo características son as gargantas, as foces, dolinas, poljes (relevo cárstico), entre outras.

España silíceo. Oeste peninsular (Galicia, Asturias, Sistema Central, Montes de Toledo, Serra Morena), parte dos Pireneos, da Costeira Catalana, do Sistema Ibérico e das Béticas. Predominantemente son restos dos zócolos paleozoicos. Son formas de relevo características os domos ou berrocais entre outras.

Criterios de Avaliación / Corrección

OPCIÓN B

1. Defina brevemente (2 puntos: 0,4 puntos por cada definición correcta):

ESTRATO SEDIMENTARIO: Masas de sedimentos a xeito de capa que constitúen os terreos sedimentarios.

GLACIAR: Acumulación de xeo nas cabeceiras dos vales, onde se forma unha depresión denominada circo glaciario. O glaciar arrastra os materiais que se acumulan nos seus laterais, formando morenas.

ESPERANZA DE VIDA: Número medio de anos que unha persoa ao nacer espera vivir, supoñendo que as condicións de mortalidade permanezan constantes.

ECONOMÍA SOMERXIDA: Conxunto de actividades económicas que se desenvolven clandestinamente e escapan ao control fiscal e ás leis e normativas laborais.

MINIFUNDIO: Explotación de pequenas dimensións (menos de 10 ha), que predominan na metade Norte da Península e nos dous arquipélagos. Son propios dunha economía de autoconsumo.

2. Analice e comente a figura (puntuación máxima de 2 puntos):

a) Cite catro provincias nas que a proporción de estranxeiros supere o 11%: A Rioxa, Lleida, Girona, Barcelona, Tarragona, Castellón, Alacant, Murcia, Almería, Málaga, Madrid, Illas Baleares, Sta. Cruz de Tenerife e As Palmas (elixir 4)

b) Explique as causas deste feito:

- Maiores expectativas de emprego na agricultura intensiva, de regadío e cultivos baixo plástico (A Rioxa, Lleida, Murcia, Almería).
- Boas expectativas laborais na ocupación na industria e na construción (provincias mediterráneas, Madrid e illas).
- Mellores expectativas laborais no sector turístico (provincias mediterráneas, Madrid e illas).
- Presenza de inmigrantes comunitarios xubilados cun nivel de vida medio-alto (provincias mediterráneas e illas).
- Presenza de inmigrantes de alta cualificación en áreas como Madrid e Barcelona.
- Emprego abundante nas actividades comerciais e de servizos nas principais áreas urbanas (todas as provincias).

3. Desenvolva a pregunta: Os climas de España (puntuación máxima de 3 puntos):

a) Factores que explican a diversidade dos climas de España.

Os factores xeográficos que explican os climas do territorio español son a latitude, a situación, a influencia do mar e o relevo:

- **Latitude:**

A latitude do territorio español, situado na zona temperada do hemisferio norte, determina a existencia de dúas estacións ben marcadas (verán e inverno), separadas por dúas de transición (primavera e outono). En Canarias, pola súa localización no extremo sur da zona temperada, en contacto co dominio intertropical, os contrastes entre estacións son menos marcados.

- **Situación:**

A situación da Península, entre dúas grandes masas de auga de características térmicas distintas (o océano Atlántico e o mar Mediterráneo) e entre dous continentes (Europa e África) convértea nunha encrucillada de masas de aire de características distintas. Canarias recibe tamén influencias atmosféricas variadas debido á súa insularidade e á súa proximidade ás costas africanas.

- **Influencia do mar:**

A influencia do mar é escasa na Península, froito da súa grande anchura, das súas costas pouco recortadas e da existencia de relevos montañosos paralelos á costa. Este feito establece claras diferenzas entre unha estreita periferia, aberto ao mar, e un ancho núcleo de terras interiores con tendencia climática continental. Pola súa banda, a influencia do mar é decisiva nos dous arquipélagos.

Criterios de Avaliación / Corrección

- O relevo:

A disposición do relevo peninsular ten variadas repercusións:

- Os sistemas montañosos paralelos á costa frean a influencia do mar, que só penetra con claridade polo val do Guadalquivir.

- A posición (oeste -leste) da maioría dos relevos montañosos, favorece a entrada de masas de aire marítimas do oeste. Non obstante, o carácter macizo da Península fai que diminúa a súa actividade ao penetrar no interior e que as súas temperaturas se extremen.

- As concas pechadas por montañas, como as depresións do Douro e do Ebro, teñen precipitacións escasas (as masas de aire descargan a súa humidade nos sistemas montañosos que as bordean) e néboas frecuentes causadas polo estancamento do aire.

- * A altura fai diminuír as temperaturas (aproximadamente, 0,5/0,6° C por cada 100 metros en ascenso) e determina precipitacións orográficas nas ladeiras de barlovento, precipitacións “ocultas” (xeadas) e precipitacións “horizontais” (producidas polas nubes).

- * A orientación crea contrastes climáticos entre os solleiros e a *umbría*.

Os factores termodinámicos do clima son os responsables da circulación atmosférica ou sucesión de masas de aire, que determinan os distintos tipos de tempo atmosférico e de clima. A **circulación atmosférica** está rexida en altura pola corrente en chorro e, en superficie, polos centros de acción, as masas de aire e as fronteas.

- A circulación en altura: a corrente en chorro:

Na zona temperada na que se sitúa o territorio español, a circulación atmosférica en altura está dirixida pola corrente en chorro ou *jet stream*. Trátase dunha forte corrente de vento, de estrutura tabular, que circula en dirección oeste – leste entre os nove e os once quilómetros de altitude. O chorro separa as baixas presións que hai sobre o polo en altura, que quedan á esquerda da súa traxectoria, das altas presións tropicais, situadas á súa dereita.

A corrente en chorro é a responsable do tempo en superficie. Este depende das variacións que experimenta a velocidade da corrente e dos seus desprazamentos estacionais.

- A circulación en superficie:

Os centros de acción son áreas de altas e baixas presións. Os centros de acción que dirixen a circulación sobre a Península son:

Centros de acción anticiclónico. O anticiclón das Azores, que no verán desprazase cara ao norte e no inverno cara ao sur; os anticiclóns polares atlánticos; o anticiclón escandinavo, e os anticiclóns térmicos do continente europeo e do interior da Península, formados polo arrefriamento do chan en inverno.

- Centros de acción depresionarios: a depresión de Islandia; a depresión do golfo de Xénova, formada cando porcións de aire frío continental europeo chegan ao Mediterráneo, máis cálido e húmido, e as depresións térmicas do norte de África e do interior peninsular formadas polo quentamento do solo en verán.

As masas de aire son porcións de aire cunhas características determinadas de temperatura, humidade e presión. Estas características adquirenas nas súas rexións de orixe, tamén chamadas **rexións mananciais**. Debido á latitude do territorio español, as rexións mananciais das que proceden as masas de aire que lle afectan son a zona ártica (A), a zona polar (P) e a zona tropical (T). As dúas primeiras dan lugar a masas de aire frías e a terceira orixina masas de aire cálidas. Nos tres casos, e dependendo da superficie da rexión de orixe, poden ser masas de aire marítimas húmidas (m) ou masas de aire continentais (c). As características orixinais pódense modificar se as masas de aire percorren grandes distancias. **As fronteas** son superficies que separan dúas masas de aire de características distintas. A fronte máis importante para o territorio español é a **fronte polar**, que separa as masas de aire tropical e polar. As súas ondulacións constitúen as borrascas de dúas fronteas.

b) Principais dominios climáticos.

Dominio climático oceánico ou Atlántico:

- Precipitacións abundante e regulares: máis de 800 mm.
- Temperaturas con amplitude térmica baixa na costa pola influencia do mar e moderada cara ao interior.

Dominio climático Mediterráneo:

Criterios de Avaliación / Corrección

- Precipitacións escasas e irregulares inferiores a 800 mm.
- Temperaturas variables en función da latitude e da distancia do mar.
- Variedades:
 - o Marítimo: precipitacións entre 800-300 mm. E temperaturas con amplitudes moderadas por influencia do mar entre 12 e 15/16 °C; veráns calorosos.
 - o Continentalizado: precipitacións entre 800-300 mm. Temperaturas con amplitude de 16 ° C , ou máis, por ausencia de influencia mariña.
 - o Seco subdesértico: precipitacións inferiores a 300 mm. Temperaturas variables en función da latitude e da distancia ao mar.

Dominio climático de montaña:

- Territorios a máis de 1.000 m. Precipitacións superiores a 1.000 mm. Temperatura media inferior a 10°C e o inverno frío (algún mes próximo ou baixo 0°C)

Dominio climático de Canarias:

- Precipitacións moi escasa nas zonas baixas.
- Temperaturas cálidas todo o ano nas zonas baixas, que descenden coa altura, e escasa amplitude térmica.

c) *Citar unha localidade como exemplo de cada un dos dominios climáticos.*

Dominio climático oceánico ou Atlántico:

- Norte da Península: cornixa cantábrica e Galicia.

Dominio climático Mediterráneo:

- o Marítimo: costa mediterránea peninsular (menos o SE), a costa subatlántica, Baleares, Ceuta e Melilla.
- o Continentalizado: interior peninsular, menos a zona media do val do Ebro.
- o Seco subdesértico: SE peninsular e zona media do val do Ebro.

Dominio climático de montaña:

- Territorios a máis de 1.000 m

Dominio climático de Canarias:

- Illas Canarias

4.- Analice e comente: (puntuación máxima de 3 puntos)

a) *Importancia do sector servizos en España.* Desde hai xa case tres décadas , pódese dicir que o Estado español ten unha economía de servizos, porque máis de dous terzos de todos os empregos e a produción que se xera proceden deste sector. A tendencia é que esta proporción continúe aumentando nos próximos anos, tal como ocorre no resto de Europa. Por iso falamos dun proceso de “**terciarización**” da economía. É un **proceso recente** porque en 1960 os empregos nos servizos eran algo menos do 30% das persoas ocupadas, o que supoñía unha cifra parecida á da industria e inferior ao do sector primario. Este crecemento do emprego está tamén moi relacionado coa **incorporación da muller ao emprego remunerado**, pois máis do 85% fano no sector servizos. Outros datos económicos reflexo deste proceso son a achega dos servizos ao PIB (69,53% no 2004) ou a poboación ocupada censada neste sector (64,52% en 2004).

b) *Distribución territorial do emprego.* O emprego no sector terciario correspóndese coas provincias con maior poboación e con maior densidade de empresas. O emprego no sector terciario é maior nas comunidades autónomas cun peso importante do turismo, como Illas Baleares, Canarias e Andalucía, e noutras que concentran un grande número de servizos públicos e funcionan como centros reitores do país, como Madrid. Pola contra, no

Criterios de Avaliación / Corrección

resto das comunidades, a presenza do sector terciario é menor (en Murcia, Castela – A Mancha, Navarra e A Ríoxa danse as porcentaxes máis baixas de emprego neste sector; isto débese a que as actividades do sector primario e da industria teñen un maior peso relativo). Hai casos excepcionais, como Ceuta e Melilla, nos que o emprego no sector terciario rolda o 90%, debido á ausencia doutras actividades produtivas.

c) Factores da devandita distribución. Están relacionados con:

- **A repartición da poboación e o seu nivel de renda.**
- **A presenza de poboación estacional relacionada co desenvolvemento do turismo**, que engade un volume importante de consumidores dalgúns tipos de servizos.
- **A densidade de empresas no territorio.**
- O peso das **administracións central, autonómica e local**, coa presenza de funcionarios e persoal contratado que se localizan nas principais cidades e capitais autonómicas.